

4. Economía e sociedade na Galicia dos Austrias (a agricultura e as súas transformacións, a importancia da pesca na Galicia litoral, a estrutura social: sociedade rendista e peso da fidalguía).

A Galicia dos séculos XVI e XVII presenta, na súa dimensión socioeconómica, cambios pero tamén con respecto ao período anterior.

Desde un punto de vista estrutural, podemos afirmar que Galicia, ao igual que o resto de territorios da Monarquía Hispánica, presenta as características básicas do sistema feudal: *sociedade estamental moi xerarquizada* e con escasas oportunidades de ascenso social, *desigualdade ante a lei* e liderazgo dos *sectores rendistas* (é dicir, os non produtores, como son a nobreza e o clero), que son señores territoriais e xurisdicionais sobre os seus feudos, e que viven fundamentalmente do cobro de rendas a aqueles campesiños que traballaban as súas terras.

Cómpre destacar o papel dos **fidalgos**, unha sorte de baixa nobreza que se incardina no sistema entre o pagador campesiño e o cobrador señor, facendo de intermediario. Así, os fidalgos lograban aumentar o seu patrimonio e importancia social, claramente perceptible na construción de grandes pazos. Moitos grandes señores, desinteresados das labores contables (e, por suposto, das “manuais”), consideraban dignificante todo o que evitara o traballo, polo que arrendaron tamén esta xestión aos fidalgos.

A **poboación galega**, ao igual que no resto da Península, é moza, presentando unha *curta esperanza de vida*, arredor dos 40 anos. Cerca dun 80% vivía no *ámbito rural* (as “sete capitais” e Pontevedra, os “centros urbanos”, non tiñan un peso demográfico relevante), era maioritariamente *analfabeta* (as mulleres, na súa práctica totalidade), e traballa nas *labores do campo*.

Esta poboación xestionaba unha *economía agraria de subsistencia e autoconsumo*, cunha exigua dieta na que predominaban as fariñas de trigo e centeo, as verduras e o viño, cun baixo consumo de carne, salvo nalgunhas zonas do interior. Traballábase con ferramentas rudimentarias e sen fertilizantes ou innovacións técnicas salientables. Todos estes condicionantes explican que pouco excedente quedase unha vez os campesiños facían fronte á gran cantidade de tributos sobre o producido (como o décimo eclesiástico), o empregado (moenda, montazgo...) o consumido (alcabala...), así como ao pago das rendas forais. Todos estes pagos adoitaban facerse en especie. Debido á insuficiencia da agricultura para xerar benestar na vida cotiá dos campesiños, foron moitos os que optaron por realizar outras tarefas complementarias na propia casa (como o fiado de liño), ou incluso por emigrar temporal ou definitivamente, sobre todo a Castela e Portugal.

Malia a ausencia de melloras técnicas na agricultura ao longo deste período, a consolidación do millo e a pataca propiciou un relevante cambio na realidade demográfica galega a partires do século XVII. Grazas a estes dous produtos de orixe americana aumentaron os niveis produtivos e as terras de labor, propiciando así un crecemento poboacional que mitigou a crise demográfica que estaba afectando a toda a península Ibérica.

Na **Galicia costeira**, a escasa produción dos minifundios agrarios alíviase polo traballo no mar, que en calqueira caso tampouco permite superar o nivel de subsistencia para a meirande parte dos mariñeiros debido aos mesmos problemas ca agricultura. Na época dos Austrias apenas haberá innovacións a nivel técnico e organizativo no campo da **pescas**, chegando estas xa no século XVIII, cos emprendedores ou fomentadores cataláns, que introducirán a arte do arrastre e as fábricas de salgadura. Si chegaron a ter certa relevancia económica dentro da súa comunidade os **gremios de mareantes** dalgunhas cidades como Pontevedra. Portos como o pontevedrés, pero tamén os de Baiona, Vigo ou Coruña **comerciaban** con cidades costeiras españolas (Sevilla, Bilbao...) e europeas (Lisboa, Oporto, Amberes...), exportando viño, sardiñas, polbos, pescadas, castañas ou cítricos, e importando cereais, aceite ou sal (este, de gran importancia para a conservación do peixe, proviña principalmente da localidade portuguesa de Aveiro). Tamén, aínda que en moi coitadas ocasións, organizábanse campañas de pesca de altura, coma a que levaba a algúns mariñeiros galegosa Terranova na busca de bacallau.

En canto á **vida urbana**, o rico comercio marítimo vivido nos séculos finais da Idade Media e as actividades artesanais van entrar **en decadencia** a partir do último terzo do século XVI, en liña do sucedido no resto da Monarquía Hispánica dos Habsburgo. Causas desta decadencia son a situación marxinal de Galicia dentro dos territorios da Coroa, a imposibilidade dos portos galegos de participar no emerxente comercio con América e a inseguridade xerada polos piratas e a conflictividade internacional. O lugar preponderante que ocupaban os comerciantes nas cidades vai ser ocupado polos escribáns, os notarios e, sobre todo, os **fidalgos**.